



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: jmca

Expediente núm. 2018/E001/000013
2021/G003/002346

DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO

ANTECEDENTES DE FEITO

A través do Decreto 52/2019, do 15 de xaneiro, foi establecida a lista de espera na categoría de persoal administrativo, substituindo a establecida no Decreto 3/2019, do 3 de xaneiro.

Iniciado o expediente 2019/X999/001879 para o nomeamento dun funcionario/a interino/a, producíronse as renuncias de María Elisa Gómez Ferreiro (núm. 1 da lista) e Pilar Martínez Martínez (a núm. 2 da relación), pasando ambas as dúas ao final da listaxe, sendo nomeada Paula González Pazos mediante o Decreto 1243/2019, do 14 de agosto, por un período de tres meses (do 21/08/2019 ao 20/11/2019).

En data 28/10/2019 a Sra. González Pazos presentou a súa renuncia (1ª renuncia) con efectos do 03/11/2019 (e que foi aceptada a través do Decreto 1779/2019, do 30 de outubro), o que conlevou o seu pase ao final da lista, a teor do establecido na base 8 das que rexen a convocatoria, publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 214, do 09/11/2018).

Mediante o Decreto 1805/2019, do 5 de novembro, foi actualizada a dita lista de espera (1ª actualización) que é complementaria da preexistente (e vixente) -aprobada polo Decreto 2038/2018, do 11 de decembro- e que trae a súa causa do expediente nº 2018/E001/000010 (bases e convocatoria publicadas no BOP nº 136, do 18/07/2018)-, integrada por dúas aspirantes: Sandra López Rodríguez (que ocupa un posto de funcionaria administrativa interina nesta entidade local), e Zita López Teijeiro (que prestou servizos en igual condición que a anterior e renunciou en 2019).

Posteriormente, mediante o Decreto 2042/2019, do 28 de novembro, nomeouse para a praza de administrativa (vacante pola renuncia de Zita López Teijeiro) a Beatriz Domínguez Ferreiro, quen tomou posesión o 02/12/2019 e ocupa o primeiro lugar da 1ª lista complementaria.

Con motivo da **xubilación** do funcionario administrativo adscrito á Secretaría e encargado, entre outros asuntos, da levanza do parón municipal, producida o 09/01/2021, iniciouse o procedemento encamiñado á cobertura interina da praza (expediente núm. 2020/X999/003100). Ao efectuar os chamamentos produciuse a renuncia de Zita López Teijeiro (primeira renuncia, polo que mantén o segundo posto na lista principal); de Diego García Beceiro (primeira renuncia, o que supón o seu pase ao último lugar da lista); e de **María Elisa Gómez Ferreiro (segunda renuncia**, polo que procede a súa **exclusión definitiva** da lista de espera ou bolsa de traballo (1ª lista complementaria).

En data 19/01/2021 **Pilar Martínez Martínez** tomou posesión como funcionaria interina -na praza que quedou vacante con ocasión da xubilación do Sr. García Roca- logo de ser nomeada a través do Decreto núm. 201/2021, do 13 de xaneiro.

Mediante o Decreto núm. 243/2021, do 19 de xaneiro, levouse a cabo a 2ª **actualización** da lista de espera, que quedou formada como segue:

1. Beatriz Domínguez Ferreiro



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: jmca

2. Pilar Martínez Martínez
3. Paula González Pazos
4. Diego García Beceiro

Debido á baixa por **incapacidade temporal** (IT) do funcionario administrativo adscrito ao departamento de Urbanismo, iniciouse o procedemento -que leva o núm. de expediente 2021/X999/003926- para a súa substitución durante o período de duración da situación de IT e, para tal efecto, efectuáronse os correspondentes chamamentos, acudindo, en primeiro lugar, á lista principal -resultante do proceso selectivo tramitado co número de expediente 2018/E001/000010, recentemente actualizada (Decreto 2199/2021, do 16 de decembro)- con resultado infrutuoso; é, en segundo lugar á presente lista complementaria, con igual resultado.

As integrantes da lista complementaria que ocupaban o primeiro lugar (Beatriz Domínguez Ferreiro) e o segundo (Pilar Martínez Martínez), xustificaron non acudir ao chamamento por estaren prestando servizos como funcionarias administrativas interinas en senllas vacantes deste concello, coa consecuencia de que manteñen os respectivos postos na meritada lista.

As **renuncias de Paula González Pazos e Diego García Beceiro**, ao seren as segundas, conlevan, en ambos os dous casos, a súa definitiva **exclusión da lista**, consonte dispón a base núm. 8 das que rexen a convocatoria.

Procede, xa que logo, actualizar de novo -o que supón a **3ª actualización**- a primeira lista de espera complementaria de administrativo/a.

FUNDAMENTOS LEGAIS

As bases da convocatoria tramitada no procedemento 2018/E001/000013 regulan a xestión e o funcionamento da lista complementaria e, tamén, as causas da alteración da orde de prelación das persoas integrantes e mesmo a súa exclusión definitiva no caso de producirse o rexeitamento de dúas ofertas de incorporación ou a renuncia á continuidade no desempeño.


A atribución orixinaria para ditar a presente resolución está residencia na Alcaldía. Porén, a través do Decreto núm. 993/2019, do 24 de xuño, de delegación de competencias nas concellarías (BOP nº 121, do 28/06/2019), o alcalde delegou un nutrido grupo de competencias en materia de persoal a prol da concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, polo que e resulta competente para ditar este decreto.

En virtude do anteriormente exposto, a través do presente decreto, RESOLVO:

1º). **Excluir definitivamente (“expulsar”)** da vixente **lista de espera complementaria de administrativos/as** establecida no **Decreto 52/2019, do 15 de xaneiro (actualizada polo Decreto 243/2021, do 19 de xaneiro)**, ás seguintes persoas:

- **Paula González Pazos, con DNI (cifrado) ****9417****
- **Diego García Beceiro, con DNI (cifrado) *** 9578****

2º). **Actualizar a lista de espera complementaria de administrativos/as establecida, por actualización, no Decreto 243/2021, do 19 de xaneiro**, que queda fixada coa seguinte orde de prelación:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: jmca

1. Beatriz Domínguez Ferreiro
2. Pilar Martínez Martínez

A presente lista -que estará vixente até o 31 de decembro de 2022- é complementaria da resultante do proceso selectivo tramitado co núm. 2018/E001/000010. Ten a consideración de **1ª lista complementaria**, xa que está a tramitarse o **procedemento selectivo** (expediente núm. 2021/E001/000001) encamiñado a provisión de tres (3) prazas vacantes de persoal funcionario de carreira da subescala administrativa da escala de administración xeral, en cuxas bases figura a previsión de constituír unha lista de espera.

3º). Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios electrónico do Concello e na páxina web municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificada a resolución expresa entenderase desestimada por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar dende o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-Administrativo, efectuando a persoa demandante a elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderán impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida á persoa demandante polo artigo 14.1, regra segunda, da meritada Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños

